

## **CONVOCATORIA DE AXUDAS PARA A REALIZACIÓN DE TRABALLOS DE INVESTIGACIÓN TUTELADOS**

A Universidade de Santiago de Compostela ten competencias para promover a utilización da lingua galega.

Co obxectivo de que a lingua galega sexa de uso normal na redacción e defensa dos traballos de investigación tutelados, convócanse axudas para a súa realización, cun compoñente económico e de apoio do Servizo de Normalización Lingüística, de acordo coas seguintes

### **BASES**

#### **1 DESTINATARIOS**

Poden acceder a estas axudas os licenciados ou equivalentes que realicen a redacción e defensa do traballo de investigación tutelado (TIT) en lingua galega durante o ano 2010.

Non obstante o parágrafo anterior, quedan exceptuados desta axuda os estudantes de Filoloxía galega e os adscritos á titulación de Filoloxía galego-portuguesa, por entender que, dada a natureza dos seus estudos e o seu compromiso lingüístico, non é necesario incentivar a produción de traballos de investigación tutelados en galego no seu caso.

#### **2 CONTÍA DAS AXUDAS**

A contía das axudas comprenderá o aboamento dos gastos de fotocopiado e encadernación do TIT ata un máximo de 150 €.

O importe máximo global do conxunto das axudas será de 2 000 € para o presente ano 2010, que se repartirán entre os solicitantes, respectando en calquera caso o máximo estipulado no parágrafo anterior.

### **3 SOLICITUDES, CONCESIÓN E PAGAMENTO DAS AXUDAS**

As solicitudes presentaranse ata o 31 de decembro de 2010 no Rexistro Xeral, sempre con posterioridade á lectura e defensa do TIT, segundo o modelo que se acompaña no anexo I.

A estas solicitudes acompañaráselles:

- a) Acreditación de posuír o título de licenciado ou equivalente.
- b) Xustificantes dos gastos de fotocopiado e encadernación do TIT.
- c) Declaración do director do TIT ou doutro membro do tribunal de que a súa redacción e defensa se realizou en lingua galega.
- d) Datos bancarios do solicitante.
- e) Fotocopia do DNI.

A concesión da axuda farase unha vez comprobado que reúne os requisitos esixidos. Se con posterioridade se comprobase a inexactitude ou falsidade do declarado, producirase a revogación automática da axuda.

A resolución farase no primeiro trimestre do ano seguinte ao da convocatoria, e comunicaráselle mediante mensaxe electrónica ao interesado.

O pagamento realizarase por medio de transferencia bancaria á conta indicada na solicitude.

### **4 APOIO Á REDACCIÓN DO TRABALLO DE INVESTIGACIÓN TUTELADO**

Para todas as persoas interesadas en redactar e defender o seu TIT en lingua galega, a Universidade de Santiago de Compostela, por medio do seu Servizo de Normalización Lingüística, ofrece apoio lingüístico e informativo que se concreta no seguinte:

- a) Servizo de consulta lingüística e terminolóxica.
- b) Asesoramento para a corrección lingüística do TIT.

## 5 RECURSOS

Esta convocatoria e os actos singulares que como consecuencia dela se produzan, serán impugnables polos medios establecidos na lexislación de procedemento administrativo.

Santiago de Compostela, 9 de febreiro de 2010

O reitor,

Senén Barro Ameneiro